

RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DO CURSO FC11008 A INFORMÁTICA APLICADA A ÁREA DE COOPERATIVAS

ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dictou unha Resolución pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 247 do 27-12-2010).

2 A directora da actividade formativa, María Luz Hermilla Porto, propuxo o 27-04-2011 a anulación do curso FC11008 A informática aplicada a área de cooperativas que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 02-05-2011 ao 27-06-2011, porque non hai alumnos suficientes que reúnan os requisitos establecidos nos criterios de selección do curso.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 247 do 27-12-2010) na súa base novena, apartado A dispón:

A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

E no apartado C:

No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.

Logo de ver a proposta da directora do curso FC11008 A informática aplicada a área de cooperativas que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 02-05-2011 ao 27-06-2011, e despois de que o Servizo de Xestión de Actividades Formativas comprobara que non hai alumnos suficientes que reúnan os requisitos establecidos nos criterios de selección do curso.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

- 1.- Anular o curso FC11008 A informática aplicada a área de cooperativas que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 02-05-2011 ao 27-06-2011.
- 2.- Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011.

O director

Pablo Figueroa Dorrego